



Waltz

un espectáculo VOADORA



Dirección e Escenografía: Marta Pazos
Elenco: Jose Díaz, Marta Pazos e Hugo Torres / Música orixinal: Jose Díaz e Hugo Torres
Axud. dirección e coreografías: Uxía P. Vaello / Xastra: Cloti Vaello
Vestuario: Uxía P. Vaello coa colaboración especial de Amai Rodríguez, César Lombera e Toca Fedella Toca
Maquillaxe: Fany Bello / Deseño e fotografía: Sara Pazos / Producción: Jose Díaz e Cecilia Carballido
Colaboracións: CSC Santa Marta, David Rodríguez, Jose Perozo, Lorena Conde
Duración: 60'

SINOPSE

“O corazón é como un neno, espera o que desexa”

WALTZ é un conto que fala de amor e desamor, de namoramentos e rupturas, da vida compartida e da lembranza de amores perdidos.

En WALTZ a vida é un salón de baile onde imos cambiando de parella: hainas que che pisan os pés, outras agárrante forte pola cintura, a algunhas súanlle as mans e con outras bailarías por toda a eternidade...

O AMOR sempre está moi presente nas producións da VOADORA. Pero desta vez a compañía decide tirarse de cabeza e traballar íntegramente sobre el dedicándolle un espectáculo no que diseccionar os sentimentos, as emocións e as sensacións extremas que leva consigo este tema universal.

WALTZ articúlase en 3 movementos case independentes, coma se se tratase dunha sinfonía.

As principais ferramentas, como ven sendo habitual nos espectáculos da compañía, son a ironía, o humor, a beleza, a poesía, a danza, o absurdo e a música.



A MÚSICA

Como non podía ser doutro xeito WALTZ, un espectáculo VOADORA, é un espectáculo musical. Un espazo sonoro composto por máis de 20 temas orixinais que abarcan estilos desde a música dance ao pop, calipsos, unha opereta e, por suposto, waltz.

As pezas musicais, interpretadas en directo polos actores, serven de fío condutor na acción, son ás veces unha personaxe máis ou actúan como banda sonora levando as escenas a esa sempre evocadora linguaxe cinematográfica.

Unha concepción do espazo sonoro e lumínico que, a modo dun “deus ex machina” integra unha acción mais dentro da dramaturxia deixando en mans do actor ou en mas da personaxe dar son e luz a aquilo que sucede diante do espectador.

O ESPAZO

O espazo escénico ten un papel especial e sorprendente neste espectáculo. Prescindindo da distribución de público á italiana o espazo artéllase de xeito que como nunha instalación o público se sitúa, transita e descubre os diferentes cadros que se presentan ao longo dos 60 minutos aproximados de duración da peza.

O VESTIARIO

Completando a concepción estética característica da compañía o vestiario xoga con dúas imaxes referentes diferenciadas: por unha banda recrea o universo dun salón de baile palaciego rememorando o imaxinario común dos contos de fadas. Por outra parte, completamente oposta achegase preséntase un look máis contemporáneo optando por referencias urbanas que de súpeto supoñan un salto a unha imaxe real, actual e contemporánea. Esta vez a habitual diseñadora de vestiario Uxía P.Vaello conta coa colaboración da diseñadora Amaí Rodríguez e a marca de tocados Toca Fedella Toca coas que consegue recrear un universo de monstros e fantasía nas cabezas das personaxes.



A COMPAÑÍA. A TRAXECTORIA

VOADORA nace como compañía de teatro en 2007. Os seus traballos de investigación en creación contemporánea caracterízanse por un importante compoñente musical, estético, sorprendente e evocador. **VOADORA** son Hugo Torres, Marta Pazos e Jose Díaz.

VOADORA ven de traballar nun intenso 2012; como convidados de **GUIMARÃES 2012- Capital Europea da Cultura** estrearon o espectáculo e proxecto múltiple **JOANE** no pasado Xuño dentro do encontro de **Teatro Contemporáneo Festivais Gil Vicente**.

Forman parte dende Xuño do **Project LLul**, un triángulo de co-produción xunto co a asociación **Propositario Azul de Lisboa** e a compañía **TeatrodeCERCA** de Barcelona no marco do que se estrea **SOTS L'OMBRA D'UN BELL ARBRE** que xirará neste ano por EE.UU, Brasil, India e Canadá.

Recentemente estrearon como antesala de **WALTZ** a peza de microteatro **HAPPYEND** no espazo **A Regadeira de Adela** en Santiago de Compostela.

TOKIO3, o seu espectáculo peche da triloxía “**Lugares Comunes**” (triloxía composta polos espectáculos **Periferia**, **Super8** e **a propia Tokio3**) coa que iniciaron a súa andadura como compañía no 2007, ven percorrendo escenarios de Galicia e Portugal desde a súa estrea en Xaneiro de 2012.



O EQUIPO ARTÍSTICO

MARTA PAZOS Dirección/Escenografía/Intérprete

Directora, actriz e escenógrafa. É Licenciada en Belas Artes pola Universidade de Barcelona. Fórmase en comedia e teatro danza. Desde 2000 dirixe espectáculos en España e Portugal. En 2011 recibe o Premio de Teatro María Casares XV á Mellor Dirección por Super8 de Voadora.

JOSE DÍAZ Producción/Composición Musical/Intérprete

Produtor, actor, realizador, guionista e compositor. Técnico Superior en produción pola EIS de A Coruña. Traballa como produtor freelance en cine, publicidade, ficción para tv e videoclips. É nominado a los XV Premios María Casares á Mellor Música Orixinal nos anos 2008 e 2011.

HUGO TORRES Composición Musical/Intérprete

Actor e compositor. Licenciado en Teatro-Interpretación en ESMAE (Escuela Superior de Música e das Artes do Espectáculo) de Porto e CECC (Centre D'estudis Cinematogràfics de Catalunya). En 2011 é nominado aos XV Premios María Casares á Mellor Música Orixinal.

UXIA P.VAELLO Coreógrafa/Vestiario/Axud. De dirección

Fórmase en Historia da Arte na Universidade de Santiago de Compostela (USC) e, en danza, na Escola Superior de Danza de Lisboa. Desde 2007 traballa nos seus proxectos de creación, colaborando tamén con outros artistas, como Borja Fernández ou Laura Lizcano.



VOADORA
www.voadora.es